

Proxecto de Orde do xxx de xxx de xxx, pola que se establece e se habilita na sede electrónica da Xunta de Galicia o procedemento de solicitude do certificado de familia monoparental (código de procedemento BSXXX)

O Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo de protección da familia, a infancia e a adolescencia nos títulos competenciais xénericos de asistencia social e de promoción de desenvolvemento comunitario (artículo 27, apartados 23 e 24).

O apoio á familia e aos núcleos de convivencia debe responder á complexidade da nosa sociedade e dar solución a diferentes situacións que impiden ou dificultan a formación e constitución de novas familias ou grupos estables de convivencia como o desenvolvemento integral das xa constituídas.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia é a convivencia de Galicia ven a recoñecer ás familias monoparentais dentro do grupo de familias de especial consideración merecedoras dunha protección especial aos efectos desta lei.

O artigo 13 da dita norma, de acordo coa modificación introducida pola disposición derradeira terceira, dous da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, recolle o seguinte concepto de familia monoparental:

« 1. Para os efectos da presente lei, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- b) As familias formadas por unha o un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.
- c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

2. Para os efectos previstos neste artigo, teñen a mesma consideración que o fillo ou a filla:

- a) As personas unidas ao único proxenitor o proxenitora por razón de tutela ou acollemento.
- b) O concebido ou a concebida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obtivera maior beneficio.»

Así o exposto, á consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, órgano superior da administración xeral de Comunidade Autónoma de Galicia, correspóndelle propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito de benestar que engloban competencias en materia de servizos sociais, incluíndo a política de familia e servizos comunitarios.

Especificamente, a través do seu órgano de dirección competente en materia de familia, correspóndelle exercer as políticas autonómicas en materia de apoio á familia segundo o disposto na lei 3/2011, do 30 de xuño, e polo tanto o recoñecemento da condición de familia monoparental.

Así, de conformidade co artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as administracións públicas deberán garantir que as persoas interesadas poidan relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, para o cal porán á súa disposición as canles de acceso que sexan necesarias, así como os sistemas e as aplicacións que en cada caso se determinen.

A presente orde límitase a habilitar a presentación electrónica das correspondentes solicitudes do certificado de familia monoparental mediante a incorporación da tramitación do procedemento á sede electrónica da Xunta de Galicia, con obxecto de que as persoas usuarias poidan relacionarse coa administración por medios electrónicos.

Así pois, en cumprimento da normativa citada, o procedemento administrativo de prazo aberto en materia de solicitude de recoñecemento da condición de familia monoparental, estará dispoñible telematicamente.

En consecuencia, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto habilitar o procedemento administrativo de prazo aberto das solicitudes do certificado de familia monoparental para a súa presentación por medios electrónicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Aprobar e dar publicidade ao modelo de presentación de solicitudes para o recoñecemento da condición de familia monoparental.
3. O dito procedemento habilitarase na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal>, e figurará na Guía de procedementos e servizos co código de procedemento xxxx.

Artigo 2. *Presentación de solicitudes*

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As solicitudes poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de cada ano.

Artigo 3. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberá achegar coa solicitude, Anexo I, a seguinte documentación:

- a) Anexo II, debidamente cuberto e asinado por todos os demais membros que compoñen a familia monoparental.
- b) Informe médico que acredite que se iniciou a semana 21 de embarazo na data de presentación da solicitude, data prevista de parto e número de fetos, só cando proceda.
- c) Certificado de empadramento, só no caso de persoas menores sen documento nacional de identidade.
- d) Certificado negativo de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito.
- e) Xustificante de estar estudando no momento da solicitude, no caso de fillos ou fillas maiores de 21 anos, ata os 25 anos.
- f) Copia do/s libro/s de familia en que consten todas as persoas ou certificación de nacemento do rexistro civil de cada un dos/as fillos/as que forman parte da unidade familiar.
- g) Copia do certificado de defunción do/a outro/a proxenitor/a, de ser o caso.
- h) Copia do certificado de discapacidade ou solicitude de revisión de grao dos/as fillos/as, cando proceda e só no caso de que fose emitido por outra Comunidade Autónoma.
- i) Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio ou da resolución xudicial que estableza medidas paterno filiais dos fillos/as comúns nas unións de feito e/ou do convenio regulador cando proceda.
- j) Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a tutela, adopción ou o acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción da/das persoa/as menor/es no seu caso cando se trate de procedementos formalizados fóra da Comunidade Autónoma.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

2. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Se a documentación achegada está incompleta, requirirase á persoa solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles, que comezará a contar o día seguinte ao de recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se non o fixese, se considerará que desiste da súa petición, e archivaranse as actuacións despois da notificación da resolución en tal sentido, de acordo co establecido nos artigos 21 e 68 da Lei 39/2015, do 1 outubro.

Artigo 4. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

a) Documento nacional de identidade ou do Número de identidade de estranxeiro da persoa solicitante e do/s fillos/as.

b) Certificado de datos de convivencia actual.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Certificado de discapacidade expedido pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dos/as fillos/as.

b) Resolución xudicial ou administrativa que declare a tutela, adopción ou o acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción do/dos menores no seu caso cando se trate de procedementos formalizados dentro da Comunidade Autónoma.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 5. *Notificacións*

1. As notificacións das resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.
2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.
3. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 6. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta Cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Sistema de información*

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica establecerá un sistema de información cos datos derivados do procedemento de solicitude de certificado de familia monoparental que garante a dispoñibilidade da información e a comunicación recíproca entre as Administracións Públicas

Este sistema de información contemplará especificamente a realización de estatísticas para materia de familia monoparental

Disposición derradeira primeira. *Actualización de modelos normalizados*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento habilitado nesta disposición poderán ser

modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela
A Conselleira de Política Social e Igualdade
Fabiola García Martínez

[illegible]

ANEXO I
(continuación)

[A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:]

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que a solicitante se atopa nalgún dos supostos establecidos polo artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño , de apoio á familia e á convivencia de Galicia para ser familia monoparental
3. Que a persoa solicitante non convive con outra persoa coa que mantén unha relación de afectividade análoga á conxugal
4. Que o estado civil de todos os fillos e fillas incluídos/as na solicitude é solteiro/a, e cumpren os demais requisitos establecidos na lei 3/2011 de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA [OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE]

- ☐ Anexo II , debidamente cuberto e asinado por todos os demais membros da unidade familiar
- ☐ informe médico que acredite que se iniciou a semana 21 de embarazo na data de presentación da solicitude, data prevista de parto e número de fetos ,só cando proceda
- ☐ Certificado de empadramento, só no caso de menores sen documento nacional de identidade
- ☐ Certificado negativo de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito
- ☐ Xustificante de estar estudando no momento da solicitude de estudos, no caso de fillos ou fillas maiores de 21 anos, ata os 25.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Copia do/s libro/s de familia en que consten todas as persoas ou certificación de nacemento do rexistro civil de cada un dos/as fillos/as que forman parte da unidade familiar.			
☐ Copia do certificado de defunción do/a outro/a proxenitor/a, de ser o caso			
☐ Copia do certificado de discapacidade ou solicitude de revisión de grao dos/as fillos/as, cando proceda e só no caso de que fose emitido por outra Comunidade Autónoma			
☐ Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio ou da resolución xudicial que estableza medidas paterno filiais dos fillos/as comúns nas unións de feito e/ou do convenio regulador cando proceda.			
☐ Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a tutela, adopción ou o acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción do/dos menores no seu caso cando se trate de procedementos formalizados fóra da Comunidade Autónoma.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI/NIE da persoa solicitante

OPÓÑOME Á CONSULTA

o

Certificado de datos de residencia con data da última variación padroal

o

MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN

☐ Resolución xudicial ou administrativa que declare a tutela, adopción ou o acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción do/dos menores no seu caso cando se trate de procedementos formalizados dentro da Comunidade Autónoma.

o

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento duna misión realizada en interese público ou o exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia) fundamentada nun interese pública esencial (Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social)
Destinatarios dos datos	As administracións Publica Autonómica, estatal e local cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súa competencias
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

ANEXO I
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE
... Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia Orden do xxx de xxx de xxx, pola que se establece e se habilita na sede electronica da Xunta de Galicia o procedemento de solicitude de certificado de familia monoparental

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE							
Lugar e data							
<table><tr><td></td><td>,</td><td></td><td>de</td><td></td><td>de</td><td></td></tr></table>		,		de		de	
	,		de		de		

Dirección Xeral DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN
DEMOGRÁFICA

_____	[Combo delegación]
-------	--------------------

ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

CERTIFICADO FAMILIA MONOPARENTAL

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. [No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal]. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE		COMPROBACIÓN DE DATOS		SINATURA
			LEGAL		Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		
			NOME E APELIDOS	NIF		OPÓÑOME Á CONSULTA	
		☐			DNI ou NIE Certificado de datos de convivencia actual CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN: ☐ Grao de discapacidade	o o o o o	
		☐			DNI ou NIE Certificado de datos de convivencia actual CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN: ☐ Grao de discapacidade	o o o o o	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento duna misión realizada en interese público ou o exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia) fundamentada nun interese pública esencial (Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social)
Destinatarios dos datos	As administracións Publica Autonómica, estatal e local cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súa competencias
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou

	retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data						
	,		de		de	